

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de outubro de 2015

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezaseis de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1178).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1179).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN ADOPTADA POLO “TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES” RECAÍDA NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7614/446.

Dáse conta da referida resolución do “Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales”, de data 5.10.15, que di como se transcribe de seguido:

*Recurso nº 914/2015 C.A. Galicia 119/2015
Resolución nº 901/2015*

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL
DE RECURSOS CONTRACTUAIS**

En Madrid, a 05 de outubro de 2015.

VISTO o recurso interposto por D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo de exclusión da licitación do contrato de servizos para “mantemento, conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo”, o Tribunal adoptou a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data 15 de maio de 2015, se publica no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a convocatoria por parte do Concello de Vigo da licitación do contrato de servizos para o “mantemento, conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo”. En data 18 de maio de 2015, se procede á publicación no Diario Oficial de Galicia.

O presuposto base de licitación é de 24.243.874,28 euros.

Segndo. A licitación concorreron, entre outros, a recorrente, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Efectuados os trámites previos, a mesa de contratación, en data 24 de xullo de 2015, acorda requerir á recorrente, que incorre en baixa temeraria, para que xustifique a viabilidade da execución do contrato.

Terceiro. Dita xustificación se presenta o día 29 de xullo de 2015.

Cuarto. Con data 3 de agosto de 2015, se acorda pola mesa de contratación a exclusión da oferta da recorrente, ó non entender xustificada a viabilidade da oferta presentada.

Quinto. Con data 19 de agosto de 2015, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. Presenta recurso especial en materia de contratación fronte ó acordo de exclusión.

Sexto. En data 9 de setembro de 2015, dase traslado do recurso ós restantes interesados para a presentación de alegacións, sen que ningún deles evacuase dito trámite.

Sétimo. Con data 15 de setembro de 2015, a Secretaria do Tribunal, por delegación déste, acorda a suspensión do procedemento de contratación, ó abeiro dos artigos 43 e 46 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, no sucesivo).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. A competencia para resolver-lo recurso especial corresponde a este Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais de conformidade co establecido no artigo 41 do TRLCSP e no Convenio suscrito ó efecto coa Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no BOE de 25 de novembro de 2013.

Segundo. Están lexitimadas as partes recorrentes para a interposición do recurso, de conformidade co artigo 42 do TRLCSP.

Terceiro. O recurso se interpón fronte ó acordo de exclusión de 31 de xullo de 2015, sendo por tanto, susceptible de impugnación, ó abeiro do artigo 40.2b) do TRLCSP.

Cuarto. O recurso foi presentado dentro do prazo legal do artigo 44 do TRLCSP.

Quinto. Como xa adiantouse nos antecedentes de feito desta resolución, se somete a consideración deste Tribunal a exclusión da parte actora da licitación, por non considerar xustificada a viabilidade da oferta presentada pola recorrente.

A cuestión, polo tanto, a resolver, é se o acordo de exclusión está debidamente motivado, posto que non é obxecto de controversia que a oferta económica da recorrente, de acordo co PCAP, incorre en presunción de anomalidade ou desproporción.

Dispón o artigo 152 do TRLCSP, nos seus apartados terceiro e cuarto que “3. Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ó licitador que a tivera presentado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executa-la prestación, ... No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente ...

4. Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, a excluirá da clasificación e acordará a adjudicación a favor da proposición economicamente máis ventaxosa, de acordo coa orde na que foran clasificadas ...”

A súa vez, o artigo 82 do Regulamento sinala que “1. Se as ofertas resultasen anormalmente baixas en relación coa prestación que se ten que executar, a entidade contratante, antes de poder rexeitalas, pedirá por escrito ós que tiveran presentado ditas ofertas as precisións que xulgue oportunas sobre a composición da oferta correspondente e comprobará dita composición tendo en conta as explicacións que lle sexan facilitadas, ...

2. Tales precisións poderán referirse en particular a:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación dos produtos, a prestación de servizos ou o procedemento de construción.*
- b) As solucións técnicas adoptadas e/ou as condicións excepcionalmente favorables da que dispoña o licitador para subministra-los produtos, presta-los servizos ou executa-las obras.*
- c) A orixinalidade dos subministros, servizos ou obras propostos polo licitador ...”*

Pola súa parte, a cláusula 17 do PCAP, establece que "1.- Considerarase que a proposición contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- a) Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do RLCAP.*
- b) Cando a adjudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adjudicación, se considerará que contén valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas nas que a baixa sobre o presuposto de licitación en valor porcentual, sexa superior ó valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.*

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.

Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.

Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.

Máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e se aplicará con dous decimais.

2.- Cando aplicando estes criterios se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, se lle notificará ó licitador por correo electrónico e se lle concederá audiencia por un prazo máximo de tres días hábiles para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma de acordo co establecido no artigo 152.3 do TRLCSP.

3.- A vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a Mesa de contratación deberá propoñer ó órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados.

Neste último caso, o órgano de contratación terá que excluíla do proceso de licitación."

Como manifestou este Tribunal en numerosas ocasións a exclusión da licitación a consecuencia dunha baixa temeraria, debe estar debidamente motivada ou "reforzada" polo órgano de contratación, a fin de permitir ó licitador excluído, contar cos datos necesarios para poder articular un recurso eficaz e útil, en garantía dos principios de libre concorrència, non discriminación e transparencia. Así o dixemos, entre outras, nas resolucións 181/2015, de 15 de febreiro, 682/2015, de 17 de xullo ou 795/2015, de 4 de setembro.

A vista do informe técnico sobre a xustificación, reproducido no informe do órgano de contratación sobre este recurso, as causas polas cales entende o órgano de contratación que non queda xustificada a viabilidade da oferta de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. son as seguintes:

- *Discrepancia nas porcentaxes indicadas no presuposto desglosado aportado no sobre B e o aportado como xustificación da baixa temeraria.*
- *En canto ó aforro en materia de persoal, o convenio de colaboración en materia de contratación de medios humanos asinado con data 27 de xullo de 2015, é dicir, con posterioridade á data de presentación de ofertas incumpre o punto 15 das FEC que só permite a subcontratación ó 50% dos medios materiais.*
- *En canto ó aforro en compras e elementos vexetais, non se aportan documentos que permitan atender acreditadas as condicións favorables nos prezos de adquisición.*
- *En definitiva, considera que algunhas das partidas económicas son insuficientes para cumprir as características que esixe o prego de cláusulas administrativas (punto 15 das FEC), o que implica, ó seu xuízo, que non se pode garanti-la prestación correcta do servizo con estas condicións indicadas polo licitador.*

Fronte a iso, sinala a recorrente que sí xustificou a viabilidade da súa oferta de acordo co requerimento que lle foi efectuado, que non existe discrepancia entre as porcentaxes presentadas no cadro económico desglosado contido no sobre B e o cadro de viabilidade económica presentado coa xustificación da oferta, e que sí debe entenderse acreditada a viabilidade da mesma, citando, en apoio da súa pretensión, numerosas resolucións deste Tribunal.

Sexto. Pois ben, como se desprende tanto da cláusula 17 do PCAP, como do requerimento efectuado á recorrente para a xustificación da súa oferta, o que se lle pedíu foi unha xustificación das ofertas presentadas, remitíndose ó procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP; sen embargo, o informe técnico parece requerir unha xustificación directa e detallada do prezo do acordo cos valores desglosados detallados no sobre B. Se se exclúe esta oferta, non é tanto porque se dubide da solvencia e capacidade da empresa para presta-lo servizo ó prezo fixo proposto, senon porque ó xustifica-la oferta foron modificados os valores desglosados ou non foi xustificada partida por partida, o aforro que alegan.

Como sinalamos na resolución 795/2015, de 4 de setembro, na consideración deste Tribunal, a "información xustificativa", nos termos en que está pensada na Lei, debe entenderse referida ás precisións que recabe o órgano de contratación" que poden ser, entre outras, as relativas "ó aforro que permite o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas ou as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña (...). Como xa sinalamos, a finalidade da lexislación de contratos é que se siga un procedemento contradictorio para evitar que as ofertas con valores anormais ou desproporcionados se poidan rexeitar sen comprobar antes a súa viabilidade. Non se trata de xustificar exhaustivamente a oferta ou detallar pormenorizadamente os aforros producidos nas distintas partidas dos custes presupostados, senon de proveer de argumentos que permitan ó órgano de contratación chegar á convicción de que se poda levar a cabo. E Obviamente, tales argumentos ou xustificacións deberán ser máis profundos canto maior sexa a desproporción da oferta.

No caso que nos ocupa, e atendendo ó umbral de temeridade no presente caso, a oferta presentada por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. Só excede o mesmo en 0,88 puntos, o cal supón, como se fai constar pola citada empresa na xustificación sobre a viabilidade da oferta que presentou, unha diferenza de importe neto do contrato de 176.319,09 euros para os catro anos do contrato, o cal supón 44.079,77 euros anuais.

O anterior debemos engadir que, tendo en conta o prezo polo que se adxudicou o contrato -17.894.105,96 euros- a baixa da recorrente con respecto á da empresa adxudicataria é de só 2,71%, polo que, a xuízo deste Tribunal os argumentos dos menores custes dados pola reco-

rente (aforro nos gastos de adquisición de vehículos eléctricos, condicións especialmente favorables na adquisición doutros vehículos e maquinaria outorgadas por Liberbank, existencia de vehículos propios, existencia dunha empresa dentro do Grupo ó que pertence con viveiro propio, existencia de naves, servizo de prevención, persoal administrativo a consecuencia da execución doutro contrato nun pobo cercano) xustifican sobradamente a viabilidade da oferta realizada por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Por todo o anterior,

VISTOS os preceptos legais de aplicación,

ESTE TRIBUNAL, en sesión celebrada no día da data ACORDA:

Primeiro. Estima-lo recurso interposto por D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo de exclusión da licitación do contrato de servizos para a conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo, anulado dito acordo e declarando a procedencia da admisión da oferta.

Segundo. Anular tódolos actos que se tivesen producido no procedemento con posterioridade ó acordo anulado, agás aqueles o contido do cal se tivera mantido igual de non terse cometido a infracción.

Terceiro. Levanta-la suspensión acordada neste procedemento.

Cuarto. Declarar que non aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Esta resolución é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade co disposto nos artigos 10.1k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1180).- CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 3392/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 15.10.15, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

En data 7 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local, aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras da II fase da grada de Tribuna do estadio municipal de Balaidos.

No apartado 1 I) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) se establece que o contrato está sometido a recurso especial en materia de contratación, mentres que no apartado 1 H) das FEC se establece que o contrato non é de regulación harmonizada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local de 7 de agosto de 2015, aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras da II fase da grada de Tribuna do estadio municipal de Balaidos

Nas Follas de Especificacións do Contrato (FEC) do prego aprobado existe un erro no apartado 1 I) que establece que o contrato está sometido a recurso especial en materia de contratación sendo así que este contrato non está sometido a regulación harmonizada tal e como se fixa no apartado 1 H) das FEC, e en consecuencia non é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

Efectivamente, o artigo 40.1. a) do TRLCSP determina só son susceptibles de recurso especial en materia de Contratación os contratos de obra sometidos a regulación harmonizada.

Este contrato non é de regulación harmonizada posto que o seu valor estimado é de 4.974.707,01 euros, sendo o umbral establecido no artigo 14.1 para considerar un contrato de obras como de regulación harmonizada de 5.186.000 euros.

É preciso, en consecuencia, corrixir o devandito apartado do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o apartado apartado 1.I) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras da II fase da grada de Tribuna do estadio municipal de Balaidos, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión de 7 de agosto de 2015, que quedará redactado da forma seguinte:

“I) TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: non“

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1181).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A DIVERSOS SERVIZOS (POLICÍA LOCAL, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E CEMITERIOS). EXPTE. 27170/220.

Visto o informe de fiscalización do 15.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Mediante Instrucción de servizo do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 11/08/2015 ordease que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á tramitación, con carácter urxente, de expediente administrativo para o aboamento dun complemento de produtividade polo especial rendemento prestado no ano 2015 nos servizos de Cemiterios, Extinción de Incendios e Salvamento e Policía Local, previa a emisión dos correspondentes informes acreditativos que polas xefaturas dos servizos indicados se emitan, así como a emisión dos preceptivos informes ao respecto.

En data 13/10/2015 recíbense neste Servizo petición efectuada en informe de data 01/10/2015 da xefatura do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento conformado polo Concelleiro Delegado da Área (Doc 150123581), na que se solicita un complemento de produtividade para un total de 115 funcionarios do servizo baseada na falta de persoal e o esforzo e dedicación dos membros do S.E.I.S., prestando servizo non soamente o Concello de Vigo, como é o seu deber, senon atendendo todos aqueles servizos que se orixinan fora do termo municipal e outros organismos como Porto de Vigo, Concello de Redondela, Mos, Porriño, Pazos de Borbén, Nigrán, Gondomar, Santa María de Oia e Baiona.

A proposta de outorgamento de complemento de produtividade ao persoal incluído na relación que se adxunta realízase en función das xornadas traballadas e as saídas efectuadas fora do municipio, no período comprendido entre o 1 de xaneiro 2015 o 30 setembro de 2015.

Figuran na proposta D Eduardo Casalderrey Sanmartín, que causó baixa por xubilación en agosto de 2015 e que polo tanto na actualidade xa non mantén vinculo de servizo con este Concello.

O importe total do complemento de produtividade proposto supón un total de 88.752,29€ unha vez descontados o importe proposto para a persoa mencionada anteriormente.

No Documento nº 150123982, do Servizo de Cemiterios, asinado polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola Concellería da Área, se relacionan 15 empregados municipais con postos de Oficial sepultureiro, adscritos a dito servizo, para os cales se solicita un complemento de produtividade por importe total de 8.246,25 €, baseado a falta de persoal no mesmo (postos vacantes por falecementos, xubilacións, baixas de longa duración, etc) que conlevou un esforzo e especial dedicación do persoal na atención aos oito cemiterios de titularidade municipal (Beadé, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamans), ao tratarse de servizos esenciais (art. 26.1 da LBRL), xa que deben prestarse en todo caso, independentemente do número de habitantes dos concellos. Amais o servizo de Prevención de Riscos Laborais informou ao negociado de cemiterios da necesidade de que en cada exhumación, teñen que asistir dous oficiais sepultureiros o que supón que o persoal ten que incrementar as súas tarefas

diarias.

En consecuencia tendo en conta as especiais circunstancias que acontecen neste servizo, que ten que ser suplido co esforzo e especial dedicación dos restantes traballadores/as, solicítase en función da súa participación nos meses de xuño a setembro de 2015, tomando como referencia para o cálculo do importe o valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos, unha produtividade para o persoal do servizo de cemiterios.

No Expediente 45529-212 do servizo da Policía Local, se relacionan 245 funcionarios do Servizo da Policía Local para os cales se solicitan complementos de produtividade pola súa especial adicación e profesionalidade demostrada no período xuño-setembro de 2015, según informe asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e conformado polo Concelleiro Delegado da Area.

A suma das solicitudes referenciadas ascenden a un total de 203.848,38 €, unha vez descontados os importes propostos para as persoas que na actualidade xa non manteñen vínculo de servizo con este Concello.

Polo tanto, estase a falar do outorgamento dun complemento de produtividade a un total de 379 funcionarios pertencentes aos Servizos da Policía Local, (Intendentes, Inspectores Principais, Inspectores, Oficinas e Policías), Extinción de Incendios adscritos aos postos de Bombeiro, Conductor bombeiro, Cabo, Cabo condutor e Suboficial) e Negociado de Cemiterios, en atención á actividade extraordinaria, especial rendemento e interese co que desempeñaron as súas funcións que permitiron prestar un servizo de calidade, socialmente satisfactorio, a través da protección e maximización dos intereses públicos presentes cuxa tutela ten atribuída este Concello a través dos servizos de Policía Local, Extinción de Incendios e Salvamento e Cemiterios e todo elo durante o período comprendido de xuño setembro ambos inclusive, de 2015 no caso do persoal de Cemiterios e Policía Local e período xaneiro-setembro 2015 na proposta correspondente ao Servizo de Extinción de Incendios.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público (EBEP).

Sen prexuízo do anterior, o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

-A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas

relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

-En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local establece no seu artigo 5 que o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo. O artigo 5.2 establece que a apreciación da produtividade deberá facerse en función das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desenvolvemento do posto de traballo e obxectivos asociados ao mesmo.

Polo tanto ,o complemento de produtividade configúrase no ordeamento xurídico como unha remuneración ao especial rendemento, adicación e actividade extraordinaria , non contempladas a través do complemento específico e ao interese ou iniciativa no desempeño do traballo, non podendo considerarse como unha retribución complementaria inherente a un posto de traballo.

En relación coa proposta efectuada pola Xefatura do Corpo da Policía Local, e no marco do ámbito material propio do Servizo de Recursos Humanos, considérase necesario indicar ao órgano municipal competente a necesidade urxente de proceder á realización dun estudio de necesidades da plantilla policial, que permita abordar a necesaria reforma da mesma dende unha óptica técnico-estratéxica acorde ás circunstancias, necesidades e peculiaridades propias dunha cidade como Vigo. De xeito reiterativo, nos informes que dende este servizo se ven emitindo a expedientes de produtividade referidos a Policía Local sinalase a imperiosa necesidade de, previo estudo analítico dos datos, adoptar as medidas necesarias ao obxecto de disminuir o exceso de xornada do persoal destes servizos, procedendo a realización dun estudio dos servizos realizados nos últimos exercicios, co obxectivo que no caso do persoal da Policía Local se ciña, salvo razóns de urxencia, a os seus propios cometidos, dada a situación en canto a efectivos na que se atopa nestes momentos. Así mesmo e en relación aos servizos para os cales se solicita o outorgamento dun complemento de produtividade no presente expediente, deberíase revisar o pacto de mínimos nos servizos de Policía e Extinción de Incendios e Salvamento, xa que poderíase estar xerando unha importante carga en reforzos e servizos extraordinarios en momentos nos que non é imprescindible dita presenza, estudio a fondo dos cuadrantes e os sistemas de descanso , dar cumprimento a normativa en canto a xornada anual, revisión das políticas de redución de xornada anual do persoal funcionario, eliminación de servizos extraordinarios non esenciais como pode ser a diminución da policía local en actos protocolarios ou actos non necesarios como procesions, determinados eventos deportivos, festas populares e búsqueda de alternativas como a planificación, a potenciación do voluntariado, etc, así como fomentar que todo o persoal realice funcións operativas que contribúan a diminución dos servizos extraordinarios. En particular e referente ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento considerase necesaria a realización dun estudio sobre a organización e estrutura do servizo, que permita una maior flexibilidade en canto as funcións a desempeñar polos distintos postos, análise dos cuadrantes e sistemas de descanso así como dar estrito cumprimento a normativa relativa a xornada anual.

Por outra banda, as necesidades en canto a persoal manifestadas nos informes de ditos servizos pódense minorar co incremento da plantilla, en aplicación do establecido no artigo 21 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, que contempla que:

“Oferta de Empleo Público u otro instrumento similar de gestión de la provisión de necesidades de personal

1. A lo largo del ejercicio 2015 no se procederá, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas, fundaciones del sector público y consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones y Organismos que integran el Sector Público, que se regirán por lo dispuesto en las disposiciones adicionales décima quinta, décima sexta y décima séptima, respectivamente, de esta Ley y de los Órganos Constitucionales del Estado, a la incorporación de nuevo personal, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de plazas de militares de Tropa y Marinería profesional necesarias para alcanzar los efectivos fijados en la Disposición adicional décima cuarta.

La limitación contenida en el párrafo anterior alcanza a las plazas incursas en los procesos de consolidación de empleo previstos en la Disposición transitoria cuarta del Estatuto Básico del Empleado Público.

2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, la limitación contenida en el apartado anterior no será de aplicación a los siguientes sectores y administraciones en los que la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 50 por ciento:

A) A las Administraciones Públicas con competencias educativas para el desarrollo de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, en relación con la determinación del número de plazas para el acceso a los cuerpos de funcionarios docentes.

B) A las Administraciones Públicas con competencias sanitarias respecto de las plazas de hospitales y centros de salud del Sistema Nacional de Salud.

C) A las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, a aquellas Comunidades Autónomas que cuenten con Cuerpos de Policía Autónoma propios en su territorio, y en el ámbito de la Administración Local a las correspondientes al personal de la Policía Local, en relación con la cobertura de las correspondientes plazas.

En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de la policía local, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades Locales que cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, la Entidad deberá adoptar un Acuerdo del Pleno u órgano competente en el que se solicite la reposición de las plazas vacantes y en el que se ponga de manifiesto que aplicando esta medida no se pone en riesgo el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá

ser acreditado por la correspondiente Entidad Local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas.”

O incremento do número de efectivos en plantilla permitiría reorganizar a prestación do servizo de tal maneira que nos supostos de puntas de traballo ou incremento puntual das necesidades de efectivos e/ou demais imprevistos que podan xenerarse existan efectivos plenamente dispoñibles sen necesidade de acudir a realización de exceso de xornada, o cal, dende a estricte perspectiva da garantía da seguridade e saúde laboral contemplada como obriga da Administración Pública – na súa condición de empregadora- na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, sen dúbida renundará na melloría na prestación do servizo.

Os incentivos ao rendemento, ao estar cuantificados en función dun rendimient superior ao normal no traballo e destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo, corresponde a súa cuantificación en atención a ese superior rendimient e ao grado de participación na consecución de resultados sendo un complemento retributivo que depende da forma, eficacia e empeño que cada funcionario mostre no exercicio do seu posto de traballo, tendo carácter personalista e subxectivo e non consolidable individualmente. Así, a súa asignación debe realizarse en atención a circunstancias variables no tempo, o que implica que non existe dereito ao seu mantemento no tempo e incompatible coa ausencia do posto de traballo, condicións que solo poden darse cando o funcionario preste efectivamente o seus servizos e o faga a pleno rendemento, factores relacionadas directamente coa presenza do funcionario no seu posto de traballo e o cumprimento das súas prestacións. Cabe salientar a imposibilidade de comprobación si o persoal que figura no listado que se inclúe no expediente 45529-212, correspondente ao Servizo da Policía Local disfrutou de vacacións, permisos, etc, datos estes últimos dos que no se dispón no Servizo de Recursos Humanos, polo que sería necesario a súa comprobación..

Por outra banda, as vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo contemplan expresamente na Instrucción Terceira que:

“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuírase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.

A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de productividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de productividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

